



TI CONTROLAS. TI DECIDES

PROGRAMA DIDÁCTICO DE SEGURIDADE VIARIA PARA BACHARELATO

A meta que debemos marcarnos é a seguridade viaria total. Isto precisa da responsabilidade compartida e do compromiso de todas as persoas que utilizamos o espazo público. Temos que sentirnos parte da contorna, comprometermos coas normas e asimilar actitudes e valores seguros e responsables para actuar con comportamentos que favorezan a convivencia, a empatía, a mellora das relacións interpersoais e a mobilidade segura. Deste xeito, estaremos a deseñar o camiño cara a unha cidade máis humana, habitable, sustentable, eficiente e ecolóxica.

Como principal ferramenta para lograr estas mudanzas contamos coa educación viaria, que podemos definir como o ensino de hábitos e valores seguros, responsables e saudables na circulación pola vía pública para evitar calquera tipo de incidente viario.

Os sinistros viarios descenderon moi notablemente nos últimos anos. Aínda así pérdense moitas vidas nas estradas e prodúcense moitos máis lesións graves. Na maioría destes accidentes de tráfico inciden máis factores humanos que técnicos, e estes, en aras de deseñar estratexias de prevención da sinistralidade, deberían ser analizados desde a óptica emocional. A educación viaria dende idades temperás, na que os aspectos emocionais teñen grande relevancia, axuda a evitar moitos accidentes de circulación.

Con estas premisas deseñouse o programa didáctico que a seguir describimos.

OBXECTIVOS:

1. Conseguir que os mozos e mozas aprendan a actuar non soamente pola obriga da norma ou do sinal, senón porque emocionalmente as asumiron como algo positivo e necesario para a mobilidade e a seguridade viaria.
2. Transmitir valores de empatía para lograr que desenvolvan condutas cívicas de convivencia cidadá, demostrando respecto cara aos demais e cara á autoridade.
3. Coñecer os requisitos para obter os diferentes permisos de conducir.
4. Promover o coñecemento e a valoración das principais normas de circulación.



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

5. Desenvolver a responsabilidade do alumnado facéndolle partícipe da circulación, creando un ambiente específico para convertelo en usuario prudente das vías e destacando a importancia de non conducir baixo os efectos da fatiga ou de calquera substancia que mingue as capacidades psicomotrices.
6. Explicar como debe ser a actuación responsable e segura ante un sinistro viario: PAS (protexer, avisar e socorrer). Confección do parte amigable.
7. Concienciar sobre a fragilidade e vulnerabilidade das persoas usuarias das bicicleta ou ciclomotor. Fomentar o uso do casco.
8. Reflexionar sobre medios de transporte alternativos co fin de respectar o medio ambiente.
9. Promover a participación activa e a cooperación entre compañeiros e compañeiras nas actividades e tarefas pertencentes á educación viaria.

En definitiva, **valorar a seguridade viaria e sensibilizar sobre as posibles consecuencias de non respectar as normas.**

ALUMNADO DESTINATARIO

Alumnado de 1º curso de bacharelato.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A materia que se imparte nos cursos de educación viaria está estruturada en dous módulos, un teórico e outro de carácter práctico.

A. MÓDULO TEÓRICO. O contido da parte teórica desenvolverase con material propio deseñado polo Departamento de Educación Vial da Policía Local de Santiago de Compostela. Nel, o alumnado, xunto co monitorado, repasará os conceptos máis importantes relacionados cos obxectivos de seguridade viaria propostos. A actividade realizarse en aula e durará **50 minutos**.

B. MÓDULO PRÁCTICO

Sesión práctica na que se realizará unha actividade destinada á comprensión e interiorización dos coñecementos adquiridos nas clases teóricas, axudando a que se perciba a necesidade das normas e de respectalas. Este módulo tamén pode realizarse en aula e durará **50 minutos**.



Entre as actividades incluídas no módulo práctico destacamos:

- Uso das GAFAS DE ALTERACIÓN VISUAL que son unha ferramenta de prevención para educar as persoas de todas as idades sobre as consecuencias do abuso do alcohol, das drogas ou incluso da fatiga.

- ROLE PLAYING

A dinámica caracterízase por catro fases principais:

1. **Motivación.** O monitor dá a coñecer ao alumnado a temática da obra que van representar. Anima a participar, a achegar o mellor de cada quen.
2. **Preparación.** Expóñense os roles principais e os secundarios. O alumnado decide quen quere representar cada un deles.
3. **Representación.** O alumnado aprende o rol que debe desempeñar. Desenvolve un diálogo convincente, esforzándose por trasladar os espectadores a esa situación ou conflito real.
4. **Debate.** Despois da actuación realizan un debate sobre a representación de cada un dos personaxes. Non é un debate sobre como actuou cada un, senón sobre a ensinanza que transmite o *role playing*.

RECURSOS

Os centros deberán dispoñer, para a realización da sesión teórica, dunha aula provista cunha pantalla con canón de proxección na que se poida conectar un ordenador portátil e uns altosfalantes.

Para a práctica precísase dun espazo que permita desenvolver o *role playing* con comodidade.

Todo o material que se achegue como apoio da actividade será facilitado a través do Departamento de Educación Viaria da Policía Local de Santiago de Compostela.



PROCEDIMIENTO PARA A INSCRICIÓN

Esta actividade realizarase entre o 18 de abril e o 19 de maio.

A duración de cada sesión é de 100 minutos continuados.

A inscrición formalízase por correo electrónico ao Departamento de Educacion Vial (educacionvial@santiagodecompostela.gal). É imprescindible indicar o número de alumnos/as por aula; o número de aulas que desexan participar; os datos de contacto do centro e o nome e datos de contacto da persoa que vai coordinar a actividade.

É recomendable agrupar nas mesmas datas as sesións que solicite cada centro.

O prazo de inscrición remata o 10 de febreiro.

Para asignar as sesións seguirase o criterio da orde de chegada das solicitudes.